



Parlamento das Letras: Miro Villar

Publicado o [22/08/2012](#)

Miro Villar ten o excelente costume de non atender nin a efémeras modas literarias nin a gregarias inercias autorais nin a acríticas preferencias da masa lectora. Por iso del poden dicirse moitas cousas, pero nunca que é un escritor ao uso.

Este xenuíno modo de entender a profesión literaria explica, ao meu ver, por que aquel mozo de apenas vinte anos que por volta de 1985 andaba gañando xa algún dos máis prestixiosos premios narrativos do país decidiu dar unha viraxe á súa traxectoria pública e comezou, a principios dos noventa, unha plausible carreira como poeta que o ten convertido nun dos nosos creadores máis serios e reputados.

Agora ben, ese seu natural senlleiro ao que me referín dá razón tamén da singularidade da súa escolla estética. Porque a Villar, nun tempo no que o versolibrismo case semella norma, deulle por cultivar o soneto, a décima e outras métricas ás que engadiu aires renovadores na nosa tradición. Unha escrita, por certo, na que soubo facer convivir o erótico co humorístico, o amatorio co metaliterario, a talasopoética con raíces na súa devocionada Costa da Morte co verso rotundo de compromiso patrio inequívoco.

Mais, insisto, o proceder libérrimo de Villar resístese a simplificacións e a aparentes incompatibilidades. Se cadra por iso el é un deses moi poucos dos que podemos afirmar, nemine discrepante, que é a un tempo un estimable poeta e mais un rigoroso crítico e investigador literario, cousa que, neste noso país, non é en absoluto mérito menor.

É ese autor, ambidextro, autocrítico e lucidamente consciente da súa circunstancia e do mundo literario que o rodea, o que aquí responde con innegable coñecemento de causa.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

De quitado das revistas escolares, os primeiros textos que viron a luz, se mal non lembro, foron poemas publicados na revista *Decrúa*, de Muxía, en 1985 e 1986, e noutras publicacións do ámbito comarcal da Costa da Morte, nunha etapa de lírica abondo introspectiva e tamén de temática política, esta última influenciada pola miña activa militancia naquela altura no nacionalismo galego de esquerdas. Houbo algúns anos de moita timidez que non deixaron saír aquelas composicións dos cartapacios ocultos nas gabetas e cando se sacaron á luz canda eles viñeron moitos pequenos premios literarios: Concello de Porto do Son, Biblioteca de Neda ou Begonte (todos tres en 1986), aos que seguiron algúns outros.

Porén, o feito que decidiu o meu labor literario veu da man da narrativa, cando en decembro de 1985 recibín o Premio de Narracións Curtas “Modesto R. Figueiredo”, convocado polo Patronato

do Pedrón de Ouro, polo relato *Augas de silencio*, que publicou Edicións do Castro en 1987, nun volume que engadía tamén os tres accésits. Foi a primeira publicación nun libro, desta volta de autoría colectiva, e o primeiro individual había ser o sonetario intitulado *Ausencias pretéritas* (Espiral Maior, 1992), con prólogo do meu mestre Darío Xoán Cabana, e que fixo o número cinco na colección que dirixe aínda hoxe o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello. O libro estivera entre os finalistas do Esquíu na convocatoria de 1990.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

De atérmonos ao número de recensións críticas a obra que recibiu unha maior atención lectora foi o libro de poemas *As crebas* (Espiral Maior, 2011), premio Concello de Carral.

E de considerarmos os fríos números da venda de exemplares non hai dúbida do éxito de público da serie Carlota, a marmota, tres contos rimados para lectorado inicial que ilustrou Enjamio e que foron publicados por Xerais. O primeiro título *Carlota, a marmota que non podía durmir* (2000) está esgotado e iso que a tiraxe é moito maior do que un libro de poemas.

E hai dous poemarios que, ao meu ver, pasaron bastante desapercibidos. *Abecedario da desolación* (Espiral Maior, 1997) tivo máis suceso fóra, pois recibiu o I Premio Internacional de Poesía Tívoli-Europa Giovane 1998 como o mellor libro europeo publicado por autores menores de 35 anos. De resultas, algúns poemas foron traducidos ao castelán, portugués, italiano, francés, alemán, inglés, ruso, albanés e serbo-croata no volume *Il cammino di Santiago. La giovane poesia d'europa nel 1997* (Meltini, 1998). Pois nin con esas.

E tamén citaríase *Gameleiros* (Xerais, 2002), un volume no que colaborei co fotógrafo Manuel Álvarez, que nas librarías adoita estar agochado entre catálogos e libros de fotografía. Na miña idea os versos tiveron pouca visibilidade, malia que as autoras e os autores da AELG fixérono finalista na categoría de poesía nos seus premios anuais

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

No blogue de Gracia Santorum, [Trafegando ronseis](#), nunha enquisa que denominou «As manías d@s escritor@s de noso» publícase a miña resposta: “Nunca se pon á escrita de noite e faino en papel necesariamente. Adoita traballar intermitentemente e repousar a súa creación literaria”.

Falaba de poesía, claro. Á hora de realizar estudos literarios ou recensións ou na escasa práctica narrativa son aínda máis metódico. Porén, xa escribo directamente na pantalla do computador, mais continuo a necesitar a frescura do día, moito mellor de mañá, mais isto xa non mo permite adoito o meu labor profesional, polo que as tardes veñen a ser máis propicias.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

A miña obra tan só aparece recollida en antoloxías poéticas, as máis delas son panorámicas e compilan poetas de todas as promocións ou xeracións. E hai dúas que se centran na denominada poesía dos noventa, nas que obviamente hai afinidades. Na antoloxía *Para saír do século* (Xerais, 1997), edición de Luciano Rodríguez e Teresa Seara, fanme partillar espazo con Ana Romaní, Antón L. Dobao, Manuel Xosé Neira, Xosé M. Millán Otero, Marta Dacosta, Martín Veiga e Yolanda Castaño. E no volume *A tribo das baleas* (Xerais, 2001), edición de Helena González, dos anteriores só repite Ana Romaní e son incorporadas as voces de Antón Lopo, Chus Pato, Fran Alonso, Xabier Cordal, Helena de Carlos, Olga Novo, Anxos Romeo, Rafa Villar, Estevo Creus, Emma Couceiro e María do Cebreiro. Con todo, é un terreo esvaradío, de quitado da coincidencia

espazo-temporal hai poetas citados cos que sinto menos afinidade do que con outras voces de promocións ou xeracións anteriores. De calquera maneira, respecto sempre o labor da persoa que antologa, que adoita facer a súa argumentación nos prefacios. *Laissez faire*.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Considero que non teño perspectiva para realizar ese labor, non me resulta doado mirarme no espello. Alén diso, é obvio que os terreos nos que mellor me movo son a poesía e a edición ou crítica literaria, sen descoidar outros. De feito, ultimamente amoso moita querenza pola literatura para primeiros lectores. Alén diso, non me inspiro, transpiro. Esta frase, que nin sequera é miña, reflicte a idea de que non creo na inspiración senón na sudoración. Ora ben, para escribir antes hai que ser un excelente lector e un magnífico observador da realidade. Fifty-fifty, que din os ingleses. Na miña opinión, hai que combinar a propia experiencia (ou mellor dicir, a inexperiencia) e a que se observa na xente que está próxima a nós, con aquela outra que se coñece a través da literatura ou tamén da pintura, do cinema, do teatro ou da música. Nos meus poemas hai pegadas ben perceptibles de todo iso, hai cadros, escenas cinematográficas, lecturas apaixonadas, músicas suxestivas e dúbidas persoais, moitas dúbidas persoais...

Dicía Paul Éluard que “toda poesía é de circunstancias”. As circunstancias da vida, engadiría eu. Polo tanto, é obvio que defendo a existencia dunha forte ligazón entre literatura e vida, aínda que non sexa a vida propia senón a doutros. Sen vida non hai literatura posible e, tamén, sen literatura non hai vida posible. Agora ben, a crítica adoita salientar na miña obra poética temáticas como o amor, o sentimento existencial, a visión do contorno físico (nomeadamente o mar) e humano, o corpo, a infancia, a sensualidade, a paisaxe e a reflexión metapoética.

Todos eles son temas universais, como tamén o son a poesía “engagée” ou a irreparable fuxida do tempo (‘tempus fugit’) que é, con certeza, o tema que máis aparece hoxe na miña poética. Todas esas temáticas xa citadas e algunha máis (desamor, melancolía...) son as que caracterizan a poesía que escribo.

Adoito é o momento, o presente da escrita o que decide cal vai ser a temática do texto. Con certeza, e non se trata dunha *boutade*, nin eu mesmo coñezo cal vai ser o tema dun poema ata que está finalizado, e aínda así, moitos dos textos que escribo, malia a súa brevidade, poderían ser inseridos sen ningún problema en varias temáticas á vez.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Na citada antoloxía *Para saír do século* (Xerais, 1997, páxs. 86-88) falaba diso: “Son dos poetas que pensan que todas as lecturas pranteiras deixan un pouso inevitable mentres que as demais son condenadas a seren esquecidas. E sendo eu un desmedido e apaixonado lector de poesía, cos meus andeis ateigados en máis dun setenta por cento por libros de poemas, o inventario de autores/as que considero fundamentais na miña formación é sobexo extenso e caracterízase pola súa pluralidade. Ademais tampouco é pechado porque adoito descubro un poema, ou se callar tan só un verso, que me conmove e me deixa unha pegada que perdura durante bastante tempo como recordo. Tamén é certo que moitas paixóns doutroa foron arrefriando até desapareceren”.

E logo facía unha longa listaxe de lecturas, que non vou reiterar, algunhas delas xa arrefriaron desde aquela e pola contra descubrín poetas que me fascinan hoxe en día, poño por caso Antonio Gamoneda.

Porén, cada poeta debe aspirar a crear a súa propia voz. A pesar disto, na miña voz (e en calquera voz poética) ecoan centos de voces, unhas pertencentes a ese legado xeracional e outras coas que se dialoga na contemporaneidade.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Na miña opinión visibilidade. O coñecemento (escaso) que hai da nosa literatura no exterior, ben sexa na Península (porque inclúo a Portugal) ben sexa en Europa ou en América, é debido case sempre a azares, provocados polo interese persoal de alguén que chegou a nós e que decide promocionar ese discurso literario porque lle di algo. Non é estraño que isto suceda así, porque o mesmo ocorre entre nós a respecto doutras linguas que están, pola razón que sexa, nas marxes, na periferia do sistema literario.

A literatura galega (como as outras literaturas periféricas do estado español: a catalá ou a vasca) apenas se traduce e son moi poucos os autores, case sempre narradores, que son coñecidos fóra das nosas fronteiras. Aos poetas tradúcesenos pouco e case sempre en antoloxías colectivas, como *A tribo das baleas* (2001), que reúne trece poetas galegos dos anos 90 nunha edición trilingüe galego/castelán/inglés. Pero esta é unha iniciativa dunha editorial galega. As foráneas non se arriscan a publicarnos. Polo tanto, as dificultades á hora de promocionar a nosa literatura son inmensas. Cómpre xa crearmos un organismo semellante ao [Ireland Literature Exchange](#) ou o catalán [Institut Ramon Llull](#) que subsidian que a súa literatura propia sexa trasladada a outras linguas do mundo. Só lle teño lido unha opinión algo semellante ao editor Manuel Bragado nas súas [Brétemas](#).

E doutra banda, visibilidade aquí tamén, nas librarías e na prensa galega (feita en Galicia, pero con case todas as súas páxinas en castelán), porque calquera novidade editorial en español adoita ocupar máis espazo que a aparición dun libro en galego. Así sucede que a literatura galega é invisible no seu propio país.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Nada ou talvez ese libro da miña memoria literaria que nunca darei escrito.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Feraz, moi feraz, mais falto de lectoras e lectores. Os inquéritos son teimudos, metade da nosa poboación nunca le e das persoas que o fan tan só unha pequena porcentaxe é lectora na nosa lingua. Sempre boto de man dunhas palabras do poeta alemán Arnfried Astel: “O home, para quen escribo/ non le”. Velaí pois un dos maiores problemas.

E como tamén dixo Jean Paul Sartre: “Por tanto, o autor escribe para dirixirse á liberdade dos lectores”, esa mesma liberdade que teñen para nos ignorar.

Díciolle isto a Ramón Vilar Lavandeira en [Letraenobras](#) hai uns meses á pregunta de como avaliaba o momento polo que pasa hoxe a literatura galega: “Coma unha moeda de moito valor e de escasa circulación. Explícome. Pola banda de arca a nosa literatura está nunha época feraz e de moito dinamismo, conviven nela varias promocións ou xeracións en plena produtividade, cultívanse todos os xéneros posibles (mesmo algúns que até hai moi pouco non tiñan tradición no noso idioma) e hai obras de moitísima calidade. En poesía, por exemplo, é algo recoñecido por autores doutros ámbitos como o poeta Antonio Gamoneda.

Agora ben, pola banda de couso, temos dous graves problemas, que mesmo están incardinados. Velaí a situación regresiva da lingua que nos presenta un futuro pouco esperanzador, e non só

polas continuas agresións que recibe o noso idioma senón porque a sociedade está a mudar e nesa muda semella desexar perder o seu maior signo de identidade. E, en paralelo, está a mingua do público lector atraído por novos soportes que está a levar a unha crise da literatura da que aínda non somos quen de agoirar a onde nos vai levar. Os meus amigos libeiros xa levan tempo advertíndome da crise de vendas, as feiras son agora case “descampados”, e non estou certo de que iso só teña a ver coa crise económica, senón coa tamén coa crise das humanidades, algo que apalpo todos os días nas aulas, como docente que son, onde o “lórico” semella encarreirar o alumnado cara ás ciencias”.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Máis nada. Se acaso, parabenizarte por este foleano «Parlamento das Letras» que é unha boa radiografía da nosa actual literatura.